



## PREGUNTA ORAL SOBRE A SOLICITUDE DUN OBRADORIO DE EMPREGO PARA A REHABILITACIÓN DA ESCOLA UNITARIA DA SUSANA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

No mes de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno local do Concello de Santiago aprobou unha solicitude dirixida á daquela Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a concesión dun obradoiro de emprego denominado "Ecotur Santiago II", orientado a proporcionarlle emprego a 45 persoas e, a través del, levar a cabo a creación dun centro de bicicletas todo terreo (BTT) na antiga escola unitaria da Susana, o que permitiría rehabilitar e poñer en valor este singular edificio educativo e tamén divulgar, desde ese lugar e nas redes sociais, a riqueza ambiental e patrimonial do Val de Santa Lucía e Marrozos.

Ese proxecto de obradoiro de emprego pretendía así poñer en marcha un novo produto que incentivara o desenvolvemento turístico sostible e respectuoso co medio, que axudara á desestacionalizar os fluxos turísticos, promovendo unha actividade deportiva para o coñecemento do medio rural e natural a través dunha práctica deportiva en auxe.

Conforme á convocatoria da orde de axudas, o Concello comprometía unha achega municipal de 50.000 euros en dúas anualidades, dun orzamento total de preto de 450.000 euros, para manter o obradoiro durante seis meses, contribuíndo así a crear emprego, formar traballadores, rehabilitar o patrimonio público e, en definitiva, acometer unha medida de interese para a veciñanza e para a captación de visitantes.

Considerando que aquela iniciativa segue a ter interese na actualidade, formulámoslle ao Goberno a seguinte pregunta:

**Continúa o Goberno mantendo activa a solicitude presentada no seu día ante a Xunta de Galicia para levar a cabo o Obradoiro de Emprego "Ecotur Santiago II" dirixido á creación de emprego, formación de traballadores, rehabilitación da Escola Unitaria da Susana e creación dun Centro de BTT e de divulgación turística?**

Santiago de Compostela, a 13 de xullo de 2016

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.